

## CALENDARIO DO PROCESO DO TRABALLO FIN DE MESTRADO PARA A AVALIACIÓN ADIANTADA PARA O CURSO 2020/2021

**11 de decembro de 2020 (venres):** data límite de rexistro do TFM por parte da/o estudante, entregando o *Master's Thesis Registration Form* ao Coordinador/a do mestrado.

**20 de xaneiro de 2021 (mércores):** data límite de entrega da solicitude de depósito e defensa do TFM (*Master's Thesis Submission and Defence Form*) ao Coordinador/a do mestrado. E data límite de entrega na Secretaría Virtual do “Informe de conformidade” por parte do/a titor/a.

**27 de xaneiro (mércores):** data límite do trámite virtual para que a/o estudante solicite a defensa oral do TFM.

**1 de febreiro (luns):** data límite de entrega do informe da/o titor/a (*MA Thesis Assessment Form*) e das tres copias impresas do TFM por parte da/o estudante na Área de Posgrao da FFT. O estudantado debe enviar tamén unha copia electrónica da versión final do TFM en formato PDF á dirección [posgraoxsh1@uvigo.es](mailto:posgraoxsh1@uvigo.es) No asunto da mensaxe débese indicar a sigla TFM, a sigla do mestrado (MEIA) e os apelidos da/o estudante (por exemplo: TFM MEIA Pérez Pérez). Con antelación, o/a Coordinador/a do mestrado debe proporcionar á Área de Posgrao a listaxe coa composición das comisións avaliadoras e a asignación de traballos que avaliarán.

**5 de febreiro (venres):** data límite para que a Área de Posgrao da FFT faga entrega ás presidencia das comisións avaliadoras da documentación (copias dos TFMs e informes das/os titoras/es).

**22-25 de febreiro:** período de defensa dos TFMs.

**26 de febreiro (venres):** data límite para a entrega na Secretaría Virtual e na Secretaría de Alumnado, por parte das/os secretarías/os, das actas das actuacións das comisións coas correspondentes propostas de cualificación.